

Expte: 2294-232  
Rehrav: 26-01-2024

CONCELLO  
DE VIGO



Concellería de  
Seguridade,  
Contratación, Festas e  
Xestión Municipal

Área de RRHH e  
Formación

**ASUNTO: LISTADO PROVISIONAL DE ADMITIDAS/OS E COMPOSICIÓN DO ÓRGANO DE SELECCIÓN DA BOLSA DE EMPREGO PARA NOMEAMENTO DE PERSOAL INTERINO PSICÓLOGO/A**

**INFORME-PROPOSTA DE RESOLUCIÓN**

**ANTECEDENTES**

I.- A Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 4 de agosto de 2023, adoptou o acordo polo que se aproban a convocatoria e bases reitoras do proceso selectivo para a formación dunha bolsa de emprego que permita nomeamentos interinos como psicólogo/a (expediente 42610/220), sendo publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPP) nº 156, de 14 de agosto de 2023.

II.- Consta informe de verificación administrativa que inclúe a revisión das solicitudes presentadas polas persoas aspirantes para participar no procedemento de referencia, e segundo os requisitos esixidos nas bases reitoras da convocatoria.

III.- Consta igualmente, logo da publicación no portal do empregado de anuncio ao efecto, das persoas que se presentaron voluntarias para formar parte do órgano de selección.

**FUNDAMENTOS XURÍDICOS:**

I.- De conformidade co previsto nas Bases da convocatoria (punto VI) "Contra a exclusión na lista de admitidos e recusacións dos membros do Órgano de selección poderanse presentar reclamacións e emendar erros ou omisións no prazo de tres días hábiles contados dende a publicación do anuncio contendo a mesma no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e na web municipal [www.vigo.org](http://www.vigo.org)."

II.- O artigo 60 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), establece que:

*"Os órganos de selección serán colexiados e deberán axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, e tenderase, así mesmo, á paridade entre muller e home.*

*O persoal de elección ou designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual non poderán formar parte dos órganos de selección.*

*A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ninguén".*

Así mesmo, o artigo 59 da Lei 2/2015 de 29 de abril, do emprego público de Galicia dispón que:

*"1. Os órganos de selección serán colexiados e a súa composición deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros e mais de paridade*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/01/2024 11:30	Páxina 1 de 8
240027794	CSV: A9A63F-D74321-A2E3BE-2KKBAQ-YKMXN1-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

CONCELLO  
DE VIGO



Concellería de  
Seguridade,  
Contratación, Festas e  
Xestión Municipal

Área de RRHH e  
Formación

entre mulleres e homes no conxunto das convocatorias da oferta de emprego público respectiva.

2. En ningún caso poden formar parte dos órganos de selección:

a) O persoal de elección ou de designación política.

b) O persoal funcionario interino ou laboral temporal.

c) O persoal eventual.

d) As persoas que nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria tivesen realizado tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas ou tivesen colaborado durante ese período con centros de preparación de opositores.

3. A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual e non se poderá exercer esta en representación ou por conta de ninguén.

4. Os membros dos órganos de selección deben pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional para o ingreso no cal se requira unha titulación de nivel igual ou superior ao esixido para participar no proceso selectivo.

5. Os órganos de selección actúan con plena autonomía no exercicio da súa discrecionalidade técnica e os seus membros son persoalmente responsables da transparencia e obxectividade do procedemento, da confidencialidade das probas e do estricto cumprimento das bases da convocatoria e dos prazos establecidos para o desenvolvemento do proceso selectivo.

6. A composición e o réxime de funcionamento dos órganos de selección estableceranse regulamentariamente.

7. As administracións públicas incluídas no ámbito de aplicación desta lei poden crear órganos especializados e permanentes para a organización dos procesos selectivos."

O réxime de funcionamento dos órganos de selección recóllese no artigo 61 do antedito Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico de Empregado Público, así como o contido e desenvolvemento dos procesos selectivos, que os membros do citado órgano deberán respectar en todo caso, sen prexuízo daquelas instrucións concretas de funcionamento contidas nas bases ou en circulares e instrucións que poidan acordarse polos órganos municipais competentes ao efecto.

### III.- Proposta técnica do órgano de selección.-

-Con carácter previo, déixase constancia expresa de:

1.- Coa finalidade de presentación de solicitudes de posibles candidatos para participar nos órganos de selección, publicouse anuncio no portal do empregado, presentándose voluntariamente as persoas que constan no expediente.

2.- Conforme ao establecido nas bases reitoras do proceso, os membros do órgano de selección serán persoas funcionarias de carreira do Concello de Vigo, ou do seu organismo autónomo, pertencente a subgrupo A1 de titulación ou superior, e que pertenza a un Corpo, Escala ou categoría profesional na que se requira unha titulación igual ou superior a esixida para participar nos procesos selectivo convocado, que comparecerá en todo caso a título individual.

3.- Na proposta inclúense persoas voluntarias do Concello de Vigo e, ante a insuficiencia das solicitudes presentadas con carácter voluntario para conformar dito órgano de



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 22/01/2024 11:30

Páxina 2 de 8

240027794

CSV: A9A63F-D74321-A2E3BE-2KKBAQ-YKMXN1-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

**CONCELLO  
DE VIGO**



**Concellería de  
Seguridade,  
Contratación, Festas e  
Xestión Municipal**

**Área de RRHH e  
Formación**

selección, propónse igualmente a aquel persoal que se considera máis axeitado dende o punto de vista da formación na materia e da especialidade e tendo en conta o conxunto global do temario.

**4.-** Na configuración do órgano de selección inténtase o cumprimento do principio de paridade. Non obstante, debe terse en conta o predominio de mulleres tanto na presentación de persoal voluntario, como nos perfís que cumpren o principio de especialidade nas categorías profesionais que se están a convocar.

**5.-** Conforme a todo o exposto, realízase a seguinte proposta técnica de configuración para o órgano de selección:

**Presidencia:**

**Titular:** Jesús Núñez-Torrón López, xefe da Área de Benestar Social do Concello de Vigo.

**Suplente:** Carla Candia Paz, xefa de participación Cidadá e Desenvolvemento local do Concello de Vigo.

**Secretaría:**

**Titular:** Gustavo Rodríguez Bartol, asesor xurídico adxunto á xefatura Acción Social do Concello de Vigo.

**Suplente:** María Dolores Sotelo Gallego, técnica de administración xeral do Concello de Vigo.

**Vogalía primeira:**

**Titular:** Ana Kowalski Bianchi, asesora xurídica do Servizo de Igualdade do Concello de Vigo.

**Suplente:** Elena Ares Salgado, letrada asesora xurídica do Concello de Vigo.

**Vogalía segunda:**

**Titular:** María Sierra Abraín, psicóloga en Benestar Social do Concello de Vigo.

**Suplente:** M<sup>a</sup> Isabel Fernández Gabriel, letrada asesora xurídica do Concello de Vigo.

**Vogalía terceira:**

**Titular:** Pilar Domínguez González, psicóloga no CEDRO do Concello de Vigo.

**Suplente:** María Gómez Janeiro, xefa de Patrimonio Histórico do Concello de Vigo.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 22/01/2024 11:30

Páxina 3 de 8

240027794

CSV: A9A63F-D74321-A2E3BE-2KKBAQ-YKMXN1-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

CONCELLO  
DE VIGO



Concellería de  
Seguridade,  
Contratación, Festas e  
Xestión Municipal

Área de RRHH e  
Formación

#### -.FISCALIZACIÓN PREVIA

A Área de Recursos Humanos e Formación viña somentendo a fiscalización previa, e así se informaba por parte da Intervención xeral, as propostas das bolsas de emprego coas listas de admitidos e configuración do órgano de selección.

Non obstante, e dentro do expediente 39783/220, en data 15/11/2023, por parte da Intervención Xeral emitiuse o seguinte informe:

*“Examinada a proposta de acordo incorporada ao expediente, esta intervención xeral, en cumprimento do previsto nos artigos 214 do texto refundido da Lei de Facendas locais (TRLFL), aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, e 16 do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local (RDCI), emite a seguinte determinación.*

*- Polo que respectan a lista de admitidos dos aspirantes as referidas bolsas de emprego, a proposta administrativa instruída polo servizo xestor non esta sujeta o réximen de fiscalización previa ao carecer de contido económico.*

*- No que atañe a formación do tribunal de selección, o acto é susceptible de xerar obrigacións de índole económico no futuro, pero o non facer referencia a proposta da Área de RRHH nin a contía de gasto, certa ou aproximada das indemnizacións, nin o nº max previsible de sesións a celebrar polas Comisións propostas, a intervención previa de natureza económica por parte de esta Intervención Xeral non e materialmente factible.*

*Vistas as consideracións previas remítese expediente o servizo Xestor.”*

Á vista, pois, do informado pola propia Intervención Xeral en expedientes anteriores en procedementos análogos, considerase innecesaria someter a fiscalización previa a presente proposta, sen prexuízo da remisión daquelas propostas posteriores dentro do procedemento que, pola súa natureza económica, leven aparelada unha proposta cuantificada, certa ou aproximada de gasto e que serán sometidas con carácter previo á correspondente fiscalización.

#### -.ÓRGANO COMPETENTE

A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal (resolucións da Alcaldía de datas 19/06/2023, 20/06/2023 e 28/06/2023 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/06/2023 e habilitación expresa do mesmo órgano para resolver sobre as listaxes provisionais e definitivas de admitidos e excluídos, designación de integrantes dos órganos de selección do presente procedemento, no acordo de 04/08/2023).- Patricia Rodríguez Calviño.

Á vista do exposto, propónse ao órgano competente a seguinte:



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 22/01/2024 11:30

Páxina 4 de 8

240027794

CSV: A9A63F-D74321-A2E3BE-2KKBAQ-YKMXN1-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

**CONCELLO  
DE VIGO**



**Concellería de  
Seguridade,  
Contratación, Festas e  
Xestión Municipal**

**Área de RRHH e  
Formación**

**PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:**

**Primeiro.-** Declarar admitidos/as e excluídos/as provisionalmente aos aspirantes que presentaron solicitude para participar no proceso selectivo derivado da convocatoria da bolsa de emprego para nomeamento de persoal interino como psicólogo/a, conforme ao seguinte listado:

**LISTA DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS PROVISIONALMENTE**

APELIDOS	NOME	DNI	OBSERVACIÓNS
ALONSO IRIARTE	I.	***1762**	EXCLUIDA/O (6)
ÁLVAREZ VILAS	C.	***9235**	EXCLUIDA/O (6)
DE FREITAS RONDÓN	D. I.	****7944*	EXCLUIDA/O (5) (6)
DOMÍNGUEZ LAMEIRO	B.	***8700**	EXCLUIDA/O (5)
DOVIGO PRIETO	J. C.	***8670**	EXCLUIDA/O (5) (6)
FEIJOO SIMARRO	M. J.	***2923**	EXCLUIDA/O (5) (6)
FERNÁNDEZ GONZÁLEZ	E. M.	***9795**	ADMITIDA/O
FERNÁNDEZ HERMELO	M.	***8830**	EXCLUIDA/O (5) (6)
FUENTES ENJAMIO	L.	***4212**	ADMITIDA/O
GALLEGO GONZÁLEZ	R.	***7255**	EXCLUIDA/O (5) (6)
GARCÍA MÍGUEZ	M. A.	***3251**	ADMITIDA/O
GIL CUÑA	Y.	***7973**	EXCLUIDA/O (2)
GONZALEZ ALVAREZ	A.	***9828**	ADMITIDA/O
GONZÁLEZ MARTÍN	A.	***6207**	EXCLUIDA/O (5) (6)
HERMIDA GARAZO	M. A.	***9601**	ADMITIDA/O
IGLESIAS SAÍNZA	M. M.	***9946**	ADMITIDA/O
LAGO INSUA	N.	***2252**	EXCLUIDA/O (5) (6)
LÓPEZ FERNÁNDEZ	C.	***0060**	ADMITIDA/O
LOPO DÍEZ	H.	***7568**	ADMITIDA/O
LORENZO FERNÁNDEZ	L.	***5954**	EXCLUIDA/O (3) (4)
MARIAN BILBAO	N.	***6937**	EXCLUIDA/O (5)
MARTINEZ-PEÑALVER MAS	E.	***8539**	EXCLUIDA/O (5) (6)
MOSCONI CADILLO	A.	***8109**	ADMITIDA/O
OTERO PRADA	N.	***5686**	ADMITIDA/O
PUENTE PÉREZ	L.	***0744**	ADMITIDA/O
RIOS ZAS	N. I.	***9816**	EXCLUIDA/O (5) (6)
RODRÍGUEZ PORTO	L.	***7494**	EXCLUIDA/O (5) (6)
RODRÍGUEZ VIEITEZ	L.	***9318**	EXCLUIDA/O (6)
RUIZ IGLESIAS	A.	***7086**	EXCLUIDA/O (6)
SANTIAGO VILLANUEVA	J. F.	***6062**	EXCLUIDA/O (5) (6)
SUEIRO PERDIGUERO	M.	***6054**	EXCLUIDA/O (6)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/01/2024 11:30	Páxina 5 de 8
240027794	CSV: A9A63F-D74321-A2E3BE-2KKBAQ-YKMXN1-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

CONCELLO  
DE VIGO



Concellería de  
Seguridade,  
Contratación, Festas e  
Xestión Municipal

Área de RRHH e  
Formación

### CORRESPONDENCIAS DOS CÓDIGOS NUMÉRICOS DE EXCLUSIÓN

(1) Por non asinar validamente a súa solicitude de admisión ás correspondentes probas selectivas.

(2) Por non acreditar a súa identidade mediante copia simple do DNI/NIE con plena vixencia ou non autorizar expresamente a consulta automática dos datos do DNI/NIE.

(3) Por non presentar/asinar a declaración responsable nos termos establecidos nas bases da convocatoria.

(4) Por non manifestar estar en posesión da/s titulación/s fixadas nas bases da convocatoria ou estar en condicións de obtela/s na data en que remate o prazo de presentación de solicitudes, ou non acreditar a correspondente equivalencia/homologación.

(5) Por non acreditar a formación específica de 200 horas de actividades formativas relacionadas coa igualdade de oportunidades por razón de xénero e/ou a violencia de xénero.

(6) Por non acreditar a experiencia dun mínimo de 3 meses en temas relacionados coa igualdade de oportunidades por razón de xénero e/ou a violencia de xénero, en entidades públicas ou privadas.

**Segundo.-** Dispoñer, de conformidade coa proposta técnica incorporada a proposta, que o órgano de selección estará integrado polos seguintes membros, nos termos do exposto no fundamento xurídico segundo:

**Presidencia:**

**Titular:** Jesús Núñez-Torrón López, xefe da Área de Benestar Social do Concello de Vigo.

**Suplente:** Carla Candia Paz, xefa de participación Cidadá e Desenvolvemento local do Concello de Vigo.

**Secretaría:**

**Titular:** Gustavo Rodríguez Bartol, asesor xurídico adxunto á xefatura Acción Social do Concello de Vigo.

**Suplente:** María Dolores Sotelo Gallego, técnica de administración xeral do Concello de Vigo.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 22/01/2024 11:30

Páxina 6 de 8

240027794

CSV: A9A63F-D74321-A2E3BE-2KKBAQ-YKMXN1-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

CONCELLO  
DE VIGO



Concellería de  
Seguridade,  
Contratación, Festas e  
Xestión Municipal

Área de RRHH e  
Formación

**Vogalía primeira:**

**Titular:** Ana Kowalski Bianchi, asesora xurídica do Servizo de Igualdade do Concello de Vigo.

**Suplente:** Elena Ares Salgado, letrada asesora xurídica do Concello de Vigo.

**Vogalía segunda:**

**Titular:** María Sierra Abraín, psicóloga en Benestar Social do Concello de Vigo.

**Suplente:** M<sup>a</sup> Isabel Fernández Gabriel, letrada asesora xurídica do Concello de Vigo

**Vogalía terceira:**

**Titular:** Pilar Domínguez González, psicóloga no CEDRO do Concello de Vigo.

**Suplente:** María Gómez Janeiro, xefa de Patrimonio Histórico do Concello de Vigo.

**Terceiro.-** Informar que, de conformidade co previsto nas bases da convocatoria, os interesados poderán recusar aos membros do tribunal cualificador, no prazo de tres (3) días hábiles, contados dende o día da publicación deste anuncio no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e na páxina web da casa do concello ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)).

Así mesmo os/as aspirantes excluídos provisionalmente disporán, tal e como establecen a bases reitoras, dun prazo tres (3) días hábiles, contados dende a publicación deste anuncio no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e na web municipal [www.vigo.org](http://www.vigo.org), para presentar reclamacións ou emendar erros ou omisións.

En canto á abstención e recusación dos membros do órgano de selección, rexerese polo disposto nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

**Cuarto.-** Transcorrido o prazo de recusación dos membros do órgano de selección e de emenda de solicitudes outorgado, aprobarase polo órgano competente a lista definitiva de admitidos/as e fixarase a data e lugar do primeiro exercicio do proceso que se publicará na web municipal [www.vigo.org](http://www.vigo.org).

Vigo, data segundo sinatura electrónica

O técnico de administración xeral da Área de RRHH e Formación.- Marcos Viturro Gómez

CONFORME.- A Xefa da Área de RRHH e Formación.- María Dapena Gómez

A Concelleira delegada de Normalización Lingüística, Educación, Recursos Humanos e Formación (resolucións da Alcaldía de datas 19/06/2023, 20/06/2023 e 28/06/2023)-  
María Olga Alonso Suárez.



Copia do documento - Concello de Vigo


Data impresión: 22/01/2024 11:30

Páxina 7 de 8

240027794

CSV: A9A63F-D74321-A2E3BE-2KKBAQ-YKMXN1-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

<b>CONCELLO DE VIGO</b>		Concellería de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal	Área de RRHH e Formación
-------------------------	---	--	-----------------------------

**DECRETO:** á vista da proposta realizada **RESOLVO** de conformidade coa mesma:

A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal (resolucións da Alcaldía de datas 19/06/2023, 20/06/2023 e 28/06/2023 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/06/2023).- Patricia Rodríguez Calviño.

**DOU FE** .- A secretaria de Goberno Local.- Susana Gallardo Fariña.

**DILIGENCIA:** Para hacer constar que el presente edicto estuvo expuesto en el Tablón oficial de anuncios de este Ayuntamiento, durante el plazo reglamentario.



Vigo, 26 Xaneiro 2024  
El Secretario General  
P.A.  
El Jefe del Registro General

ASAO.- X. VICENTE COMESAÑA TRIGO



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/01/2024 11:30	Páxina 8 de 8
240027794	CSV: A9A63F-D74321-A2E3BE-2KKBAQ-YKMXN1-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		